

O camiño da historia

Na procura da liberdade



MONTSE PENA PRESAS

O 2007 foi o ano de Francisco Castro. Logo de quedar ás portas do éxito tras ser finalista do II Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil coa anovadora e sorprendente *O ceo dos afogados*, o autor lograría o García Barros con *As palabras da néboa*. A ficción, que se desenvolve no S. XVI, é unha das novelas galegas máis sorprendentes dos últimos tempos. Non só por revisitar o vieiro histórico, que tan bos froitos ten dado para a nosa literatura e que, pese a todo, foi escasamente transitado polos autores de noso; senón sobre todo por artellar unha trama narrativa na que é difícil non somerxerse.

Antonio de Outeiro (pai), é un labrego favorecido por don Paio da Bouza (señor desas terras) por telo apoiado nos tempos da revolta irmandiña. Este favorecemento dá a Antonio o dereito de poder viaxar a Braga, onde coñecerá ao libreiro José Eugenio, co que manterá unha profunda amizade. Na súa morte, o amigo portugués pide que a filla, Isabel, unha moza cunha relación moi especial coas palabras, vaia para as terras galegas ao cargo dos Outeiro. Mais o pai tamén faleceu e a responsabilidade será agora de Antonio de Outeiro (fillo), que se atopa no Novo Mun-

vo continente ou a presenza calada da Inquisición. Mais o texto tamén se nutre de abondosas alusións á tradición galega. Así o amosa a introdución da noite de san Xoán, dos cantares de cego ou o cariz popular que adquire o sufrimento de Isabel. Mais que *As palabras da néboa* sexa unha novela cun certo alento de lenda vese favorecido por un narrador moi particular. Colocado no tempo presente, mais convertido en demiurgo do pasado, irónico consigo mesmo e co autor empírico, tamén un chisco burleiro e encargado de facer reaccionar ao lectorado dende a súa postura pasiva ante a lectura, é un dos meirandes acertos da novela.

sexo feminino existente na época (tal e como é consciente a voz narrativa). Isto, xunto coa súa crenza no que se intúe co corazón, aínda que non se saiba, é o que a fai tan atractiva. Igualmente interesantes, porque neles tamén domina a diferenza e a súa posición á marxe do cánon, son Antonio de Outeiro (pai), o labrego que non arela terras nin riquezas, senón que soña con viaxar, e Frei Mariano, frade tan interesado na relixión como nos libros prohibidos ou nas artes esotéricas.

As palabras da néboa é un texto escrito coa forza e a crenza na boa literatura, asentada no poder dunha trama intrigante e na fe da forza da palabra. Algunhas das súas páxinas emanan certas doses de utopía que, nestes tempos



**E NO PODER
DUNHA TRAMA
INTRIGANTE E FE
NA FORZA DA
PALABRA**

do. Cando Isabel chega ao seu destino, o novo señor feudal, don Luís (herdeiro de don Paio), fica prendado da súa intelixencia. Porén, ese non é o destino que a moza soña para si, polo que decide rebelarse antes que humillarse.

A intensidade dunha trama que non seguirei a desvelar vese complementada por unha ambientación precisa, conseguida a través de dúas vías diferentes. Non faltan referencias que remiten á época, como os comentarios ou bulos que espertaba nas xentes o no-

Mais a forza creadora de Castro maniféstase, sobre todo, nuns personaxes que, tan só afastándose lixeiramente do arquetípico, teñen vida de seu. Entre todos resalta Isabel de Portugal, que é o carácter que máis escapa dun modelo concreto. Letrada, rebelde, resistente e con moita valentía, resulta unha imaxe de muller que moi pouco ten que ver co esquema do

grises, deixan a porta aberta para maxinar que, para que todo cambie, abonda con desexalo.

CASTRO, Francisco, *As palabras da néboa*, Ed. Galaxia, Vigo, 2007, 303 páxinas